

ACTA DO CERTAME DE ARTES PLÁSTICAS NOVOS VALORES 2022

-----oo0oo-----

Na Sala de Xuntas do Edificio Fernández López do Museo de Pontevedra, sendo as dez horas e dez minutos do día catorce de xuño do ano dous mil vinte e dous, reúnense as persoas que conforman o xurado do Certame de Artes Plásticas “Novos Valores 2022” e que se indican a continuación:

Presidente: É presidido polo Director do Museo, José Manuel Rey García, toda vez que escusa a súa asistencia o presidente do xurado Cesáreo Mosquera Lorenzo.

Vogais:

- José Manuel Rey García, Director do Museo de Pontevedra.
- María Covadonga Barreiro Rodríguez-Móldes, Profesora asociada na Facultade de Belas Artes de Pontevedra (Universidade de Vigo).
- Ramón Rozas Domínguez, Xornalista cultural.
- Carmen Hermo Sánchez, Artista e Profesora asociada na Facultade de Belas Artes de Pontevedra (Universidade de Vigo).
- Pedro de LLano Neira, Profesor axudante da Facultade de Xeografía e Historia da USC.
- Susana González Martínez, Directora da Colección de Arte da Fundación María José Jove (FMJJ).

Secretario: Carlos Cuadrado Romay, Secretario da Deputación de Pontevedra.

Dito xurado foi nomeado mediante Resolución Presidencial de 2 de xuño de 2022 (núm. 2022004269).

Polo Presidente declárase constituído o xurado ó asistir a maioría das/os membros, agradecendo a todas/os as/os membros do mesmo a súa participación e implicación neste Certame.

A continuación, procedese a proxectar nunha pantalla as distintas obras presentadas que foron previamente enviadas ás/ós membros do xurado, para que por parte destes manifesten as súas impresións e así se decida sobre a selección ou non das mesmas.



O xurado despois dun intercambio de opinións acorda seleccionar 17 obras das 36 presentadas, para a súa exposición no Museo e cuxos códigos e títulos son os seguintes:

	CÓDIGO	TÍTULO
1.-	T1cJ5+v9xqfD1zYIVInw3Q==	(Casas nulas)
2.-	ImSofSRXhSALunFJBVT66W==	(A ponte do alén)
3.-	T1cJ5+v9xqdXvDHB fgUsPw==	(Límite del límite del límite)
4.-	opoCw2bgb5Bo+44DtPiREQ==	(Para Jesús, nin máis, nin menos)
5.-	oooNGSRxXnyIUUB3LXDT4Q==	(Ciudades telaraña)
6.-	vULLxs6+e5SQ4DqwOeCOZQ=#	
7.-	oooNGSRxXnzROvFPYtSmPg==	(A la salvaje)
8.-	T1cJ5+v9xqdi9Ss2e2iaRw==	(Turbulencia III)
9.-	T1cJ5+v9xqe3hwb6aoCrNQ==	(Reflexos de encontro)
10.-	T1cJ5+v9xqcYw4Xuj8vvWA==	(Persoa Ola (Maternidade 2)
11.-	vULLxs6+e5QoC8S2hl3NFw==	(Pérdida)
12.-	ImSofSRXhSBmz2jq2i+vcQ==	(Roca)
13.-	T1cJ5+v9xqdDc41Z9eEI/Q==	(Sabor amargo)
14.-	T1cJ5+v9xqdU50AKot6kHg==	(Tiziano, Ritcher y dos encargadas de limpeza)
15.-	oooNGSRxXnyCaaGvrOaYdQ==	(De parte do Verdugo, bardante de verdugos)
16.-	oooNGSRxXnye1FUAUVFyLg==	(Herdanza de mulleres)
17.-	biol20XPoJcOHtxBOUv6Pw	(Facemos algo?) ⁹

Acordase que o xurado se reúna o próximo 5 de xullo ás 10:00 horas, no Edificio Castelao do Museo para que coas obras seleccionadas e expostas xa no Museo, se designe no seu caso, ós catro gañadores das bolsas.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia dáse por finalizada a reunión, sendo as doce horas e cinco minutos, do que, como Secretario, dou fe.

